

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

RESOLUCIÓN do 17 de outubro de 2014 pola que se convoca a xornada A natureza voluntaria ou laboral das actividades desenvolvidas nas entidades deportivas sen ánimo de lucro.

Dentro do plan de actividades da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2014 e de acordo coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola, e pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da anterior, convócase, en colaboración coa Secretaría Xeral para o Deporte, a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social e a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, a xornada A natureza voluntaria ou laboral das actividades desenvolvidas nas entidades deportivas sen ánimo de lucro. Esta actividade desenvolverase conforme as seguintes bases:

1. Obxectivos.

Informar o sector deportivo sobre os distintos encadramentos xurídicos das actividades desenvolvidas nas entidades deportivas sen ánimo de lucro por adestradores, técnicos, deportistas e outras figuras.

De forma concreta, esta xornada ten por obxectivos facilitar información práctica sobre a normativa en vigor nos ámbitos laboral e de acción voluntaria, e actualizar os coñecementos dos axentes deportivos para a mellora última das súas competencias.

2. Contidos.

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

- O voluntariado deportivo.
- As relacións laborais no ámbito deportivo.

3. Destinatarios.

Responsables das entidades deportivas galegas, principalmente clubs e federacións deportivas, e interesados en xeral.



4. Desenvolvemento.

Lugar: Escola Galega de Administración Pública (EGAP); rúa Madrid, 2-4, Santiago de Compostela.

Data e horario: 6 de novembro de 2014, das 16.00 ás 20.00 horas.

Duración: 4 horas lectivas.

5. Número de prazas.

Limitado pola capacidade do local.

6. Solicitudes.

As persoas interesadas deberán formalizar a súa inscrición a través da área de matrícula da web da EGAP: <https://egap.xunta.es/matricula/>

As persoas solicitantes poderán obter máis información, das 8.30 ás 14.30 horas, chamando aos seguintes números: 981 54 62 41 e 981 54 62 39.

7. Prazo de inscrición.

O prazo para inscribirse estará aberto desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* ata o 5 de novembro de 2014.

8. Modificacións.

A EGAP reservase para si facultade de interpretar e de resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento desta xornada, así como a facultade de cancelala se o escaso número de solicitudes non xustifica a súa realización.

9. Certificado de asistencia.

Ao final da xornada entregaráselles un certificado de asistencia a aquelas persoas inscritas que participasen asiduamente e sempre que a súa asistencia sexa igual ou superior ao 90 % das horas lectivas programadas. Neste documento aparecerán de forma expresa o contido, a carga lectiva, a data, o lugar de realización e o selo oficial da institución.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2014

Sonia Rodríguez-Campos González
Directora da Escola Galega de Administración Pública

